



## COMO CALCULO A RENDA NETA PER CÁPITA PARA A AUTODECLARACIÓN DO COMEDOR?

### QUE É UNHA UNIDADE FAMILIAR?

En base ao disposto no artigo 16 do Decreto 132/2013, o concepto de unidade familiar é o definido na normativa do imposto da renda das persoas físicas.

Aos efectos do IRPF, existen dúas modalidades de unidade familiar:

#### 1. No caso de matrimonio:

A unidade familiar está integrada polos cónxuxes, non separados legalmente e, se os houbera:

- a) Os fillos menores, con excepción dos que, co consentimento dos pais, vivan independentemente destes.
- b) Os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

*\*Hai que ter en conta que a maioría de idade acádase ao cumprir os 18 anos.*

#### 2. En ausencia de matrimonio ou nos casos de separación legal:

A unidade familiar está integrada polo pai ou pola nai e a totalidade dos fillos e a totalidade dos fillos que convivan co pai ou coa nai e reúnan os requisitos da modalidade anterior (os supostos a) ou b) do apartado 1), no caso de custodia compartida computar os 2.

#### Polo tanto:

- Calquera outra agrupación familiar, distinta das anteriores, non constitúe unidade familiar a efectos do IRPF.
- Ninguén pode formar parte de dúas unidades familiares ao mesmo tempo.



- O número de membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente a 31 de decembro de cada ano. Polo tanto, se un fillo cumprira os 18 anos durante o ano, xa non formará parte da unidade familiar neste período impositivo nin tampouco formará parte da unidade familiar o membro que falecera.
- Nas parellas de feito que reúnan os requisitos anteriormente comentados (os supostos a) ou b) do apartado 1) formarán unha unidade familiar. O mesmo criterio é aplicable nos casos de separación ou divorcio con garda e custodia compartida.

### COMO CALCULAMOS A RENDA ANUAL NETA PER CÁPITA?

A renda neta per cápita familiar obterase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base á declaración da renda do exercicio 2023:

$$\text{casiña 435} + \text{casiña 460} - \text{casiña 595} = \mathbf{X}$$

**Esta operación farase para cada unha das rendas presentadas polos membros da unidade familiar e sumarse o resultado obtido en cada unha delas.**

**O total desa suma (cantidade chamada X) dividirase entre os membros computables da unidade familiar (chamado Y na autodeclaración).**

#### **Exemplo:**

Nunha familia na que sexamos 4 persoas, dividiremos entre 4 o resultado da suma de todas as rendas feitas coa operación anterior. Esa cantidade obtida será a chamada Y, e será a que determine en que tramo de pago nos atopamos no comedor escolar.